

III CAMPIONATO GALEGO DE XADREZ LÓSTREGO 2017

Recinto Feiral FEXDEGA (Vilagarcía de Arousa - Pontevedra), 20 de Maio de 2017.

- **Coorganizan:** Club Xadrez Fontecarmoa, Federación Galega de Xadrez, Xunta de Galicia-Deporte Galego e Fundación Deportiva Municipal de Vilagarcía.
- **Colaboran:** Fundación Fexdega e Concello de Vilagarcía de Arousa.
- **Local de xogo:** Recinto Feiral FEXDEGA de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- O Torneo disputarase polo sistema suízo a 9 rondas. Segundo o número de inscritos. Incluso poderase facer o sistema suízo acelerado (ata as tres primeiras rondas) se fose preciso.
- **O ritmo de xogo** será de 3 minutos + 2 segundos/xogada.
- **Torneo será válido para elo FIDE de xadrez blitz.**
- Antes do inicio da primeira ronda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE DE BLITZ (RELÁMPAGO), tendo en conta a lista previa da FIDE. Se un xogador non tivera elo de BLITZ na FIDE, o seu ELO FIDE de xadrez standard será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de BLITZ.
- Tódolos xogadores e xogadoras deberán estar federados antes do inicio do torneo, (circular 10/2015 da FEDA para torneos valedeiros para elo).
- **Empregarase o programa Vega para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 3 minutos**, pasados éstos o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.

SISTEMAS DE DESEMPATE

1. **Encontro directo**, sempre que os xogadores empatados a puntos xogaran todos entre sí.
2. **Buchholz brasileiro** (sen a puntuación do peor rival)
3. **Buchholz mediano** (sen a puntuación do mellor e peor opoñentes)
4. **Buchholz total**
5. **Progresivo sen cortes**

(*) No desempate do buchholz, aplicarase a variante do opoñente virtual nas partidas non disputadas.

E se todavía persiste o empate, os xogadores disputarán unha partida de xadrez relámpago. Se sortearase a cor, con 6 minutos para o xogador de brancas e cinco minutos para o xogador de negras. En caso de táboas declararase vencedor o xogador de negras. O resultado da partida decidirá o desempate.

- Unha ronda feita pública non se poderá modificar, salvo que o árbitro decida outra cousa.
- Si se introduce un resultado mal e se publica a ronda, ésta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.
- Aplicarase o especificado no **artigo B4** das leis de xadrez da FIDE para xadrez relámpago (partidas sen supervisión axeitada).
- A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

- **Horario de xogo:**

Presentación das listas de xogadores: 16:00 horas.

1ª Rolda: 16:30 horas	6ª Rolda: 18:10 horas
2ª Rolda: 16:50 horas	7ª Rolda: 18:30 horas
3ª Rolda: 17:10 horas	8ª Rolda: 18:50 horas
4ª Rolda: 17:30 horas	9ª Rolda: 19:10 horas
5ª Rolda: 17:50 horas	

Clausura e Entrega de Premios: 20:00 horas

- **Inscripción:**

- COTA:

Campionato	Cota/Xogador*
Campionato Galego Relámpago	5 €

(*) Queda exento o Campión Galego Relámpago 2016.

- LUGAR E PRAZO:

A través dos clubs na Federación Galega de Xadrez **mediante e-mail:** fegaxa@fegaxa.org. **O ingreso da inscrición deberá ir adxunto á mesma.**

Os xogadores/as participantes terán que ter bandeira deportiva FIDE española.

Ata o día **17 de Maio de 2017** (incluído). Non se admitirán inscricións pasada esa data.

Abanca IBAN: ES48 2080 0567 0130 4000 2121.

- **Premios:**

POSTO	
1º Clasificado	150,00 € + Trofeo
2º Clasificado	100,00 € + Trofeo
3º Clasificado	100,00 € + Trofeo
4º Clasificado	80,00 € + Trofeo
5º Clasificado	80,00 € + Trofeo

(*) A estas cantidades aplicarase as retencións legais.